

3

7-1


~~10/3~~

~~P.~~

1997 10:52

UFBA/1997-010/UA

FAX 981122158



SECRETARÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Departamento Provincial - Servicio de Urbanismo e Arquitectura - A Coruña

Provincia de Lugo - Lugo

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PREVIA A CONCESION DE LICENCIA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCION DUN CEMITERIO, EN LUOU, CONCELLO DE TEO (T.E. 081/97).

Examinada a documentación obrante no expediente instruído o efecto resulta:

ANTECEDENTES:

Polo PATRONATO DO CEMITERIO DE LUOU, fórmulase solicitude de autorización previa á concesión de licencia municipal para construír un cemiterio, en Luou, concello de Teo.

O Secretario do concello certifica que durante o prazo de exposición pública do expediente presentouse unha alogación, non ao expediente concreto senon á metodoloxía de tramitación e admisión de alegacións, que non incide neste expediente.

O Pleno do concello na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de Xuño de 1997 acordou declarar de utilidade pública a construción do novo cemiterio parroquial de Luou.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

1.- O expediente foi tramitado de conformidade co establecido no artigo 77 da Lei 1/1997, de 24 de Marzo, do Solo de Galicia.

2.- Os terreos están clasificados como Solo Rustico.

3.- A Instalación que se pretende realizar, consiste na construción dun cemiterio.

4.- Que segundo a documentación remitida polo Concello, se cumpre a normativa urbanística de aplicación do Solo Rustico das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento.

5.- O artigo 1º.5 da orde do 27 de setembro de 1995 (DOGA nº 194 do 9 de Outubro) delega nos Delegados Provinciais a competencia para outorga-las autorizacións para edificacións e instalacións de interese xeral que teñan que emprazarse no medio rural, segundo o procedemento previsto no artigo 77.4 da Lei 1/1997 do 24 de Marzo do Solo de Galicia.

~~7-2~~

7-2

OUTORGAR o PATRONATO DO CEMITERIO DE LUOU a autorización previa a concesión de licencia municipal para construcción dun cemiterio, en Luou, no concello de Teo.

Esta autorización non exime do deber de obter as licencias Municipais e as demais autorizacións e informes preceptivos segundo o disposto na lexislación sectorial de aplicación, en especial o Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas.

Contra esta resolución que é definitiva en vía administrativa, cabe recurso Contencioso-Administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día da súa notificación, lembrandolle que debера comunicar previamente a esta Delegación Provincial a devandita interposición conforme o artigo 110.3 da Lei 30/1992 de Reximen Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común.

A Coruña, 16 de Outubro de 1997



DELEGADO PROVINCIAL

[Handwritten signature]

Asdo. Jesus Almuiña Loeda.